

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o quince de setembro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Montserrat Lama Nóvoa e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día oito de setembro de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 44/POS/2017, NO TERMO MUNICIPAL DE LOBIOS.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Lobios e tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó concello de Lobios, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “acondicionamento praza Barreal, xardíns municipais”- a obra denominada “acondicionamento de xardíns municipais”, co número 44/POS/2017, cun orzamento total de execución de 55.000,00 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 91/POS/2017, NO TERMO MUNICIPAL DE VILAMARÍN.

- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Vilamarín e tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

- Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó concello de Vilamarín, incorporando ó plan a obra “Demolición e construción de muro e axustes na rede de subministración eléctrica no parque empresarial de Vilamarín” –en substitución da obra “mellora depuradora parque empresarial”-, co número da obra 91/POS/2017 e un orzamento de execución da actuación de 55.000,00 euros.

4.- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA ORGANIZACIÓN DO WORKSHOP INTERNATIONAL.

- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente N.º 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 313.31/489.01, a cantidade de 8.000,00 euros a favor da Fundación Juana de Vega, para organización do workshop international. The water ages: waters constructing landscapes.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Juana de Vega, nos seguintes termos:

-Importe: 8.000,00 €.

-Obxecto: International Workshop “The water ages: Water constructing Landscapes”.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

O beneficiario da subvención deberá difundir a participación e colaboración da Deputación de Ourense mediante inserción do seu logotipo en cantos rótulos, catálogos, ou en calquera outro elemento que se empregue como material promocional e de difusión da actividade obxecto da subvención.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

5.- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS TERRA DE CELANOVA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO 2017.-

No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017 acordouse aprobar o expediente N° 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.20, a cantidade de 16.000,00 euros a favor da Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos Terra de Celanova, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos Terra de Celanova, por importe de 15.656,88 euros, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017

-Importe: 15.656,88 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, polo importe da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

6.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE GOMESENDE PARA OBRA DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

- No Pleno con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente N° 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 76.000,00 euros, a favor do Concello de Gome sende para obras municipais executadas.

Posteriormente, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n° 3/2017 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para “obra de mellora de infraestruturas e servizos municipais”, de acordo co escrito do concello, de data 16 de xuño de 2017.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Gomesende, nos seguintes termos:

-Importe: 76.000,00 euros.

-Obxecto: obra de mellora de infraestruturas e servizos municipais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

7.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE TRASMIRAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS A REALIZAR NO ENTROIDO, LETRAS GALEGAS, SAN XOÁN, FESTAS PATRONAIS E DIVERSOS TALLERES.- No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente Nº 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

334.20/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 23.000,00 euros, a favor do Concello de Trasmiras para Asociación Musical de Trasmiras.

Posteriormente, no Pleno do día 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente nº 2/2017 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para “Actividades culturais a realizar no Entroido, Letras Galegas, San Xoán, festas patronais e diversos talleres”, de acordo co escrito do concello, de data 10 de abril de 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Trasmiras, nos seguintes termos:

-Importe: 23.000,00 euros.

-Obxecto: Actividades culturais a realizar no Entroido, Letras Galegas, San Xoán, festas patronais e diversos talleres.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

8.- SUBVENCIÓN Á COMUNIDADE DE VECIÑOS DA FANFURRIÑA PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA VELORIO.- No Pleno con data 28 de abril de 2017 acordouse aprobar o expediente Nº 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.00, a cantidade de 5.000,00 euros a favor da Asociación de Veciños de Presqueira-Baños de Molgas, para arranxo velorio.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Comunidade de Veciños da Fanfurriña de Presqueira do termo municipal de Baños de Molgas, nos seguintes termos:

-Importe: 5.000,00 €.

-Obxecto: acondicionamento de local para velorio.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

9.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA REALIZACIÓN DE PROXECTO SOCIAL CORRESPONDENTE AO ANO 2017.- No Pleno con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 80.000,00 euros, a favor do Concello de Avión, para proxecto social.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 80.000,00 euros.

-Obxecto: realización de proxecto social en Avión correspondente ao ano 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

10.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA MELLORA DE FIRME EN NÚCLEOS RURAIS DE AVIÓN.- No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017 acordouse aprobar o expediente N° 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 7.350,00 euros, a favor do Concello de Avión para mellora de firme en núcleos rurais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 7.350,00 euros.

-Obxecto: mellora de firme en núcleos rurais de Avión.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

11.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA MELLORA E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DE AMIUDAL.- No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017 acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 8.365,39 euros, a favor do Concello de Avión para mellora e eficiencia enerxética da iluminación pública de Amiudal.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 8.365,39 euros.

-Obxecto: mellora e eficiencia enerxética da iluminación pública de Amiudal.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

12.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.

- No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017 acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 11.368,56 euros, a favor do Concello de Avión para mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 11.368,56 euros.

-Obxecto: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

13.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN PARA CALDEIRAS DE BIOMASA NA PISCINA MUNICIPAL.

- No Pleno con data 27 de xaneiro de 2017 acordouse aprobar o expediente N° 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 14.940,17 euros, a favor do Concello de Avión para caldeiras de biomasa na piscina municipal.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 14.940,17 euros.

-Obxecto: caldeiras de biomasa na piscina municipal.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de setembro de 2017
--

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

14.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día quince de setembro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,